



CONCELLO  
DE MUIÑOS

## BASES

# XXIV ANDAINA SERRA DO XURÉS

**2 DE XUÑO DE 2024**

Coa Andaina pola Serra do Xurés preténdese dar a coñecer a todos e todas os e as participantes a beleza da paraxe da Baixa Limia-Serra do Xurés, xa que ó longo de todo o percorrido, multitude de imaxes naturais, regatos, flora autóctona, aldeas antigas abandonadas, restos megalíticos, vistas panorámicas, etc... sorprenden de tal maneira que fan desta proba unha das máis fermosas e completas do calendario galego.

### REGULAMENTO

#### 1. HORARIO E DATA:

Domingo 2 de Xuño ás 10:00H

#### 2. ORGANIZACIÓN E PERCORRIDO:

- A proba está dirixida polo Concello de Muiños
- A distancia é de aproximadamente de 18 KM, dificultade media.

#### 3. INSCRICIÓNS :

- As inscricións poderán realizarse nas oficinas do Concello de Muiños ou enviando a ficha de inscrición xunto co DNI e o xustificante de pago ó enderezo electrónico **turmuinosconcello@gmail.com** , do cal recibirás confirmación.

A ficha de inscrición poderase descargar na páxina web **www.concellomuiños.com**

**PAGO ( 12 €):** na conta **ABANCA ES55 2080 0442 1531 1000 0043** (nome e DNI do participante)

A cota de inscrición 12 € inclúe:

- Agasallo ( Camiseta)
  - Avituallamentos
  - Duchas
  - Xantar ó remate da andaina no albergue "O Corgo"
- As inscricións serán ata o mércores 29 de Maio de 2024, **non se poderán facer inscrición o mesmo día da andaina**
  - **Prazas limitadas**



#### **4. SAÍDA e CHEGADA:**

- A saída será dende o Complexo Turístico-Deportivo “O Corgo” ás **10:00**, ruta circular.
- É preciso estar no punto de saída 15 minutos antes do inicio da proba, para recoller o agasallo e o dorsal.
- Tódolos participantes levarán o seu dorsal nun lugar visible, que se entregará na chegada para acceder ao comedor.

#### **5. AVITUALLAMENTO:**

O longo do percorrido haberá dous puntos de avituallamento coa finalidade de prover ós participantes de bebidas e froita.

#### **6. OBSERVACIÓNS**

Se en calquera momento da proba algún/ha participante se amosa canso ou sofre algunha lesión importante, debe comunicalo a calquera participante, o **teléfono de emerxencias - GES: 679971377** ou se é posible, achegarse ó control máis próximo.

A organización disporá dun servizo de controis itinerantes para solucionar este tipo de problemas

#### **7. INDICACIÓNS DE INTERESE XERAL**

- Respecta o entorno natural e non deixes os residuos tirados.
- remate da proba poderá de facerse uso das duchas no Complexo Turístico-Deportivo “O Corgo”, situadas no Camping.
- Zona de aparcamento ampla.
- O xantar será según se vai chegando para evitar aglomeración no comedor.

**Información e inscricións no Concello de Muiños**

**Teléfono: 988456403**

**[www.concellomuinos.com](http://www.concellomuinos.com)**

**Correo electrónico: [turmuinosconcello@gmail.com](mailto:turmuinosconcello@gmail.com)**